

SAN BENITIÑO

NON VAIAS Ó DE PAREDES!

SE VAS Ó SAN BENITIÑO, NON VAIAS Ó DE PAREDES
QUE HAI OUTRO MÁIS MILAGREIRO, (BIS) SAN BENITIÑO DE LÉREZ.

**POLO RÍO ABAIXO VAI, UNHA TROITA DE PÉ.
CORRE QUE TE CORRE QUEN A PUIDERA COLLER.
QUEN A PUIDERA COLLER, QUEN A PUIDERA PILLAR.
POLO RÍO ABAIXO VAI UNHA TROITA DE PÉ.**

A QUE LLE FORON ARMARE!

AO SAN BENITO DE LÉREZ A QUE LLE FORON ARMARE!
**QUE TIÑA UN BO VIÑO MOSTO, (BIS) DEBAIXO DO SEU ALTARE.
POLO RIO ABAIXO VAI...**

Ó VE-LAS FLORES SE ALEDA!

O PAXARIÑO DO PRADO O VE-LAS FLORES SE ALEDA,
**EU CON VE-LA TÚA CARA, (BIS) BOTO FÓRA AS MIÑAS PENAS.
POLO RIO ABAIXO VAI...**

QUE CHO TEÑO BEN GARDADO!

HEICHE DE DA-LO QUE TEÑO, QUE CHO TEÑO BEN GARDADO.
NENA CANDO FORAS MIÑA, (BIS) O CRAVELIÑO ENCARNADO.

**SAN BENITIÑO DO OLLO REDONDO
HEI DE IR ALÁ MIÑA NAI, SI NON MORRO.
HEI DE LEVAR UNHA BOTA DE VIÑO
E UNHA BOLA DE PAN PRO CAMIÑO.
PO LO RÍO ABAIXO VAI.....**